

## LITERATURA UNIVERSAL

### OPCIÓN A

1. O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Cantares Gallegos	Molière	Literatura norteamericana, S. XX
2	Fausto	Virxilio	Literatura alemá, S. XIX
3	O vello e o mar	Rosalía de Castro	Literatura latina
4	Tartufo	Ernest Hemingway	Literatura galega, S. XIX
5	A Eneida	J. W. Goethe	Teatro clásico francés

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
  - 3.1 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
  - 3.2 Faga unha breve exposición sobre o autor e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)
  - 3.3 Expoña o tema do fragmento e relacióneo con outros temas importantes da obra: sentido, tratamento dos personaxes, a importancia do espectro etc. (2 puntos)
  - 3.4 Analice as características formais do fragmento e obra (1,5 puntos)
  - 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica desta selección e da obra no seu conxunto (0,5 punto)
  - 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

#### HAMLET

Se asume a figura do meu pai  
 falareille aínda que o mesmo inferno abra as fauces  
 e me mande calar. Prégovos  
 que se ata agora ocultastes esta visión,  
 a sigades mantendo en silencio.  
 E que calquera cousa que ocorra esta noite  
 a confíedes ó pensamento mais non á lingua.  
 Recompensarei o voso afecto. Adeus.  
 Na explanada, entre as once e as doce,  
 estarei convosco.

#### TODOS

Os nosos respectos á vosa señoría.

William Shakespeare, *Hamlet*. Trad. de Miguel Pérez Romero

## LITERATURA UNIVERSAL

### OPCIÓN B

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: A literatura romántica (2 puntos)
2. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Otelo	Tolkien	Literatura grega
2	Orgullo e prexuízo	Baudelaire	Novela fantástica, S. XX
3	A Ilíada	Jane Austen	Simbolismo, S.XIX
4	O hobbit	W. Shakespeare	Romanticismo inglés
5	As flores do mal	Homero	Teatro isabelino

3. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
  - 3.1 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
  - 3.2 Faga unha breve exposición sobre o autor e a súa produción literaria (1 punto)
  - 3.3 Expoña o tema do fragmento e relacióneo con outros aspectos importantes da obra: a capacidade de adaptación do ser humano, o proceso do deterioro psicolóxico, liberdade e loucura... (2 puntos)
  - 3.4 Analice as características formais do fragmento: narrador, espazo, tempo etc. (1,5 puntos)
  - 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica deste fragmento e da obra na súa totalidade (0,5 punto)
  - 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

Este meu tempo de felicidade, no que de xeito sistemático repetía día tras día as cento cincuenta partidas daquel libro, durou aproximadamente entre dous meses e medio e tres. Entón, caín de forma insospitada nun punto morto. De socato estaba outra vez diante da nada. Despois de xogar cada unha das partidas completas vinte ou trinta veces, perdérase o atractivo da novidade, da sorpresa: aquela forza tan excitante, tan estimulante esgotárase. ¿Que senso tiña seguir a xogar aquelas partidas que xa había moito tempo que coñecía de memoria xogada a xogada? En canto efectuaba o movemento de apertura, a secuencia desencadeábase automaticamente, deixaba de haber sorpresas, tensións, dificultade. Para me manter ocupado, para crea-la distracción e o esforzo que se volveran imprescindibles para min tería necesitado outro libro con outras partidas. Pero como iso era algo completamente imposible, só quedaba unha saída neste extraordinario camiño de tolemia: tiña que inventar partidas novas no canto das vellas, tiña que intentar xogar comigo mesmo, ou máis ben, contra min mesmo.

Stefan Zweig, *Novela de xadrez*. Trad. de Patricia Buján Otero e Saleta Fernández Fernández

**LITERATURA UNIVERSAL**

**Opción A**

4. Desenvolva o seguinte tema do programa: Autores, xéneros e temas representativos da literatura na Idade Media (2 puntos)
5. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Os miserables	Eça de Queiroz	Épica medieval
2	Beowulf	Daniel Defoe	Literatura fantástica
3	O señor dos aneis	Victor Hugo	Novela realista
4	Robinson Crusoe	Anónimo	Romanticismo
5	O primo Basilio	Tolkien	Novela de aventuras, sec. XVIII

6. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
- 3.1 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
- 3.2 Faga unha breve exposición sobre o autor e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)
- 3.3 Expoña o tema do fragmento e relación con outros aspectos importantes da obra: caracterización dos personaxes, o tema da vinganza, o poder etc. (2 puntos)
- 3.4 Analice as características formais do fragmento e obra (1,5 puntos)
- 3.5 Faga unha valoración persoal e crítica desta selección e da obra (0,5 punto)
- 3.6 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

HAMLET

Ouh, Horacio, morro.  
O poderoso veneno trunfa sobre o meu espírito.  
Xa non vivirei para oír as novas de Inglaterra.  
Pero profetizo que a elección recaerá  
en Fontibrás. Ten o meu voto na morte.  
Dillo así, cos acontecementos, grandes e pequenos  
que me impulsaron... o resto é silencio.

W. Shakespeare, *Hamlet*. Trad. de Miguel Pérez Romero

**LITERATURA UNIVERSAL**

**Opción B**

4. Desenvolva o seguinte tema do programa: Teatro clásico europeo. O teatro isabelino e o teatro clásico francés (2 puntos)
5. Relacione as obras cos seus autores/as e períodos (1 punto)

1	Orgullo e prexuízo	Tennessee Williams	Épica latina
2	Unha tempada no inferno	Virginia Woolf	Teatro do século XX
3	A gata sobre o tellado de cinc	Virxilio	Simbolismo
4	As olas	Arthur Rimbaud	Narrativa século XX
5	Eneida	Jane Austen	Romanticismo

6. Elabore un comentario literario no que atenda ás seguintes cuestións (7 puntos):
  - 3.7 Contexto histórico e sociocultural: o autor e a súa época (1 punto)
  - 3.8 Faga unha breve exposición sobre o autor e a súa obra, situando *Novela de xadrez* no conxunto da mesma (1 punto)
  - 3.9 Explique o tema que trata este fragmento e a súa relación coa totalidade da obra: a tortura, a intelixencia, o xogo etc. (2 puntos)
  - 3.10 Analice as características formais: narrador, estilo, relación destes trazos co contido do texto e a obra do autor etc. (1,5 puntos)
  - 3.11 Faga unha valoración persoal e crítica do texto e a obra á que pertence (0,5 punto)
  - 3.12 Valorarase ata un punto a precisión e claridade da redacción así como unha argumentación ben estruturada (1 punto)

-¡Xa está!, listo, acabado.

Botouse cara atrás, cruzou os brazos sobre o peito e mirou cun ollar desafiante para Czentovic. Acendéuselle unha chama na pupila.

Todos nos botamos encima do taboleiro ó unísono para ver o movemento anunciado con tanta exaltación. A primeira vista non se podía apreciar ameaza directa ningunha; o anuncio do noso amigo referíase sen dúbida a un cálculo que nós, afeccionados de lento razoar, aínda non éramos capaces de ver. Czentovic era o único de todos nós que non se movera ante o anuncio desafiante; permanecía sentado tan firme coma se non oíse aquilo de “acabado” [...] Pasaron tres minutos, sete minutos, oito minutos, e Czentovic non se movía, aínda que eu tiña a impresión de que as súas anchas ventas se incharan aínda máis polo esforzo interior. Esta silenciosa espera resultáballe ó noso amigo tan insoportable como a nós mesmos. Cun movemento brusco ergueuse de repente e botou a andar dun lado a outro polo salón, primeiro lento e despois rápido, cada vez máis rápido. Todos mirabamos para el con estrañeza, pero ningún de nós con tanta inqueda coma min, pois decateime de que os seus pasos, a pesar da impetuosidade do ir e vir, sempre medían o mesmo espacio; era coma se de cada vez tropezase no medio do cuarto baleiro contra un armario invisible que o obrigase a virar. Estremecinme ó recoñecer que este ir e vir reproducía inconscientemente as medidas da súa antiga cela [...]

Stefan Zweig, *Novela de xadrez*. Trad. de Patricia Buján e Saleta Fernández

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

### PREGUNTA 1 (2 puntos)

#### OPCIÓN A

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto cultural estadounidense ao redor do século XIX: O asentamento como nación corre parello ao proceso de independencia da literatura norteamericana.
- Información acerca das características do discurso literario, especialmente do narrativo. Influxo europeo. A experiencia vital relatada. O renacemento do conto con Edgar Allan Poe ou Washington Irving. Poderase falar dos autores europeos que cultivaron conto na época (Chejov, Maupassant). A poesía de Walt Whitman.
- Introdución de exemplos de autores e obras. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan as obras destes autores/as ou centrarse nun determinado autor/a e a súa obra, entre outros: Edgar Allan Poe, Henry James, Mark Twain, Herman Melville etc.

#### OPCIÓN B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto: acontecementos históricos (Revolución Francesa, Revolución Industrial Inglesa), correntes filosóficas relevantes, iniciativas culturais etc.
- Información acerca dos temas, ambientes, personaxes e características estilísticas e formais da literatura do Romanticismo. Xéneros cultivados no Romanticismo, entre outros, poesía romántica e novela histórica.
- Introdución de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e autores ou centrarse nun determinado/a autor/a e a súa obra.

### PREGUNTA 2 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)

Tanto nunha opción como na outra a resposta só puntuará no caso de que a relación entre os tres elementos sexa correcta.

Non penalizan as respostas incorrectas.

#### OPCIÓN A

1	Cantares Gallegos	Rosalía de Castro	Literatura galega, S. XIX
2	Fausto	J. W. Goethe	Literatura alemá, S. XIX
3	O vello e o mar	Ernest Hemingway	Literatura norteamericana, S. XX
4	Tartufo	Molière	Teatro clásico francés
5	A Eneida	Vírxilio	Literatura latina

# Criterios de Avaliación / Corrección

## OPCIÓN B

1	Otelo	W. Shakespeare	Teatro isabelino
2	Orgullo e prexuízo	Jane Austen	Romanticismo inglés
3	A Ilíada	Homero	Literatura grega
4	O hobbit	Tolkien	Novela fantástica, S. XX
5	As flores do mal	Baudelaire	Simbolismo, S.XIX

## PREGUNTA 3 (7 puntos)

### OPCIÓN A e B

Os alumnos/as deberán realizar unha análise literaria a partir de criterios obxectivos e explícitos. O alumnado poderá seguir a estrutura das cuestións ou atender a estas nun comentario globalizado.

O estudante deberá saber situar o autor na súa época histórica e no período literario ao que pertence.

Deberá coñecer a obra á que pertence o fragmento e a produción literaria do autor/a.

Deberase concretar o tema do fragmento, comentalo, localizalo, aproximadamente, no fío argumental da obra e relacionalo co contido xeral.

O estudante describirá o texto de acordo a criterios de tipoloxía textual, xéneros e modalidades discursivas, e sinalará os recursos formais do mesmo.

Por último o estudante elaborará un comentario crítico, persoal e argumentado sobre o fragmento ou poema proposto. Neste comentario valorarase positivamente a achega de xuízos e ideas coherentes que reflectan unha visión madura e non simplista do tema, tamén a inclusión de ideas e puntos de vista orixinais e ben argumentados.

Un comentario literario non é un resumo do argumento da obra.

**En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.**

**Por faltas de ortografía nun exame poderase descontar ata un punto. O alumno/a deberá coidar tamén a presentación.**

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

## PREGUNTA 1 (2 puntos)

### OPCIÓN A

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- d) Orixe e contextualización da Literatura na Idade Media
- e) Influencia doutras literaturas anteriores. As obras de Homero e Virxilio como modelos relevantes do xénero épico

# Criterios de Avaliación / Corrección

- f) Características da épica medieval como xénero máis destacado
- g) Introducción de exemplos de autores e obras. Aquí poderá facerse referencia aos poemas cabaleirescos e a creación do ciclo artúrico; aos trovadores; describir algún dos grandes cantares deste período como o Cantar dos Nibelungos, o Cantar de Roldán e/ou centrarse nas coleccións de contos de Boccaccio, Chaucer, *As mil e unha noites...*

## OPCIÓN B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- d) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, influencias, iniciativas...
- e) Antecedentes do teatro clásico europeo, aportación da *Comedia dell'Arte* do teatro italiano...
- f) Información acerca dos temas e características máis relevantes do teatro clásico europeo, entre outros, o teatro francés e isabelino
- g) Introducción de exemplos de autores e obras. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra, entre outros: William Shakespeare, C. Marlowe Molière, Corneille, Racine etc.

## PREGUNTA 2 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)

Tanto nunha opción como na outra a resposta só puntuará no caso de que a relación entre os tres elementos sexa correcta.

Non penalizan as respostas incorrectas.

## OPCIÓN A

1	Os miserables	Victor Hugo	Romanticismo
2	Beowulf	Anónimo	Épica medieval
3	O señor dos aneis	Tolkien	Literatura fantástica
4	Robinson Crusoe	Daniel Defoe	Novela de aventuras, S. XVIII
5	O primo Basilio	Eça de Queiroz	Novela realista

## OPCIÓN B

1	Orgullo e prexuízo	Jane Austen	Romanticismo
2	Unha tempada no inferno	Arthur Rimbaud	Simbolismo
3	A gata sobre o tellado de cinc	Tennessee Williams	Teatro do S. XX
4	As olas	Virginia Woolf	Narrativa do S. XX
5	Eneida	Virgilio	Épica latina

# Criterios de Avaliación / Corrección

## **PREGUNTA 3 (7 puntos)**

### **OPCIÓN A e B**

Os alumnos/as realizarán unha análise literaria a partir de criterios obxectivos e explícitos. Poderán seguir a estrutura das cuestións ou atender a estas nun comentario globalizado.

- O estudante situará o autor na súa época histórica e no período literario ao que pertence.
- Deberá coñecer a obra á que pertence o fragmento e a produción literaria do autor/a.
- Concretará o tema do fragmento, comentarao, localizarao, aproximadamente, no fío argumental da obra e relacionarao co contido xeral.
- O estudante describirá o texto de acordo a criterios de tipoloxía textual, xéneros e modalidades discursivas, e sinalará os recursos formais do mesmo.
- Por último o estudante elaborará un comentario crítico, persoal e argumentado sobre o fragmento ou poema proposto. Neste comentario valórase positivamente a achega de xuízos e ideas coherentes que reflectan unha visión madura e non simplista do tema, tamén a inclusión de ideas e puntos de vista orixinais e ben argumentados.

**En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.**

**Por faltas de ortografía nun exame poderase descontar ata un punto. O alumno/a deberá coidar tamén a presentación.**